

## VACACIÓNS 2008

Como todos sabedes, hai máis dun ano cambiou o sistema de vacacións que tiñamos no grupo. Un dos aspectos máis controvertidos foi a limitación do prazo para gozalas, que antes do novo pacto era ata o 31 de maio do ano seguinte. Concretouse que, nun proceso gradual de dous anos, o novo prazo remata o 31 de decembro do ano en curso, coa posibilidade de chegar ao 31 de xaneiro seguinte para situacións excepcionais.

Soubemos que **o 31 de decembro deste ano se eliminarán todos os días de vacacións pendentes do ano 2008**. Isto non quere dicir, porén, que non sexa posible facer durante o mes de xaneiro eses días que quedaran pendentes, segundo recolle o pacto asinado.

O que é moi importante, ademais de intentar acabar as vacacións antes de final de ano, é que controledes ben a vosa situación o 31 de decembro e que establezades co voso superior un calendario para gozalas porque, como dixemos, **o feito de que as eliminen do cadro de vacacións non significa que**

**non se poidan utilizar ata o 31 de xaneiro**. É moi importante que esta previsión se faga o antes posible para non perderdes días de vacacións.

Ningún empregado ten que deixar de gozar as súas vacacións; por iso, se así e todo tedes algún problema para liquidalas ou vos poñen algún impedimento, non dubidedes en poñervos en contacto connosco.


Finalmente, procurade para os próximos anos estruturar as vosas vacacións de xeito que non teñades dificultades cando se peche o período e vos vexades abocados a non facelas ou a facelas cando non vos convén.

Lembrade tamén que os días de vacacións non se perden cando coinciden coa suspensión por maternidade, lactación ou paternidade, ou por incapacidade temporal debido ao embarazo, aínda que remate o ano natural ao que corresponden.

Na nosa web podeades atopar o pacto completo de vacacións ([www.comfia.net/bs](http://www.comfia.net/bs), no apartado dos acordos), por se precisades consultalo.

Novembro de 2008

**Conéctate á nosa web: People > Seccións Sindicais > COMFIA-CCOO > <http://www.comfia.net/bs/>**

<b>Boletín de afiliación</b>	Enviar a ➔	<b>3532-0002 CC.OO.</b>	Sinatura	
Nome .....	Ofi.:			
Domicilio .....				
Poboación .....	C.P.:			
Cta. de cargo .....				
<small>Os teus datos serán incorporados a un ficheiro titularidade de CC OO integrado polos ficheiros pertencentes á confederación ou unión rexional correspondente, segundo o lugar onde radique o teu centro de traballo, á federación do sector ao que pertenza a empresa na que traballes, así como —en todo caso— á CSCCOO. No seguinte URL podes consultar os diferentes entes que compoñen CC OO: <a href="http://www.ccoo.es/sindicato/sindicato.html">http://www.ccoo.es/sindicato/sindicato.html</a>. A finalidade do tratamento dos teus datos por parte de todos eles é o mantemento da túa relación como afiliado/a, coas concretas finalidades establecidas nos estatutos. Ademais do indicado, os teus datos poden ser empregados por CC OO para che remitir información sobre as actividades e acordos de colaboración que se establezcan con outras entidades. Sempre estarás informado na web de CSCCOO (<a href="http://www.ccoo.es">http://www.ccoo.es</a>) dos ditos acordos e dos datos desas entidades. Podes exercer os teus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e, se for o caso, oposición, enviando unha solicitude por escrito acompañada da fotocopia do teu DNI dirixida a CSCCOO con domicilio sito na R/ Fernández de la Hoz n.º 12, 28010, Madrid. Deberá indicar sempre a referencia «PROTECCIÓN DE DATOS». Se tes algunha dúbida ao respecto podes remitir un correo electrónico a <a href="mailto:lopd@cco.es">lopd@cco.es</a> ou chamar por teléfono ao 917028077.</small>			DNI	Data / /